

ANEXO I

TEMARIO PROMOCIÓN INTERNA SUBGRUPO C1 ESCALA DE AXENTES DE INSPECCIÓN. ESPECIALIDADE VIXILANCIA DE ESTRADAS

Tema 1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e as súas modificacións: títulos I, IV e V.

Tema 2. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e as súas modificacións: títulos I, IV e V.

Tema 3. Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Tema 4. Coñecementos básicos de xeometría e topografía Figuras planas. Corpos xeométricos. Áreas. Volumes. Escalas. Nivelación. Perfís transversais. Perfís lonxitudinais. Curvas de nivel. Aparellos topográficos. Planeamentos. Xeometría das estradas.

Tema 5. Obras de fábrica: materiais e as súas clasificacións. Execución das unidades. Encofrados. Control de execución de obra e interpretación dos ensaios que hai que realizar.

Tema 6. Obras de terra e explanacións: as rochas e os solos e as súas clasificacións. Desmontes. Terrapléns e pedrapléns. Control de execución de obra e interpretación dos ensaios que hai que realizar. Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3) parte 3ª.

Tema 7. Obras de drenaxe e canalizacións: definicións. Materiais, tipos e usos de gabias, drenaxes profundas, tubaxes, pozos, sumidoiros e rexistros. Control de execución de obra e interpretación dos ensaios que hai que realizar. Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3) parte 4ª.

Tema 8. Firmes de estradas e pavimentos para tránsito peonil: Capas granulares, as capas tratadas con cemento(suelo estabilizado e suelo cemento),tratamentos superficiais, firmes con mesturas bituminosas. Pavimentos, tipos e materiais. Control de execución de obra e interpretación dos ensaios que hai que realizar. Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3) parte 5ª.

Tema 9. Sinalización vertical: Tipos, materiais, criterios de utilización. Marcas viais: Tipos, materiais, criterios de utilización. Balizamento: Tipos, materiais, criterios de utilización. Sistemas de contención de vehículos: Tipos, materiais, criterios de utilización. Control de execución de obra e interpretación dos ensaios que hai que realizar. Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3) parte 7ª.

Tema 10. A maquinaria empregada na construción e conservación de estradas.

Tema 11. A conservación ordinaria e extraordinaria de estradas; descrición, operacións e tarefas. A vixilancia das estradas: a súa programación e execución. Recoñecementos sistemáticos e inspeccións especiais.

Tema 12. A vialidade invernal; descrición, operacións e tarefas. Tratamentos preventivos. Tratamentos curativos.

Tema 13. Sinalización de obra, norma de estradas 8.3-IC. Sinalización móbil de obra.

Tema 14. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de riscos laborais: Capítulos I, II, III, IV e V. Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Tema 15. O plan de seguridade viaria de Galicia e a memoria de seguridade viaria. A estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia.

Tema 16. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: títulos preliminar, I, II, III, IV e V.

Tema 17. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar, título I: capítulos I e II e título II.

Tema 18. Nocións básicas de ofimática. O manexo dos paquetes ofimáticos no contorno de LibreOffice (folla de cálculo, tratamento de textos), sistema operativo (Windows 10), busca da información: internet/intranet e correo electrónico.